



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **PROPOSICIÓN para solicitar ao goberno as accións oportunas para que Audasa pague integramente o IBI.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9 é a única vía en Galicia que non paga o 95% do IBI grazas ás bonificacións previstas na lei de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión aprobada en 1972, no contexto da ditadura de Francisco Franco. O decreto do 17 de agosto de 1973 polo que se adxudicaba a concesión administrativa para a infraestrutura galega previa que Audasa aproveitase os "beneficios" que figuraban no artigo doce da devandita lei e "ao longo do período concesional". Malia que a súa construción está máis que amortizada e, a pesar dos millónarios beneficios que xera, a exención aí segue, aplicándose ao nivel máximo de redución permitido no seu día pola lexislación franquista.

Audasa é a concesionaria de autoestrada de todo o Estado que máis tarde rematará a súa explotación despois da derradeira prórroga do goberno de Aznar, extendendo a concesión ata o máximo permitido (75 anos). Entre o 2011 e o 2015 o beneficio neto despois de impostos de Audasa pola xestión da AP9 foi de 186 millóns de euros, destinados integramente a retribuír aos seus accionistas, sen investir nada en mellorar o servizo nin tampouco en seguridade vial, nunha vía que conta co punto con maior siniestralidade do Estado.

Un de cada dos euros que as galegas e os galegos pagamos nas peaxes da AP9 é beneficio antes de impostos, e un de cada tres euros é beneficio neto para a empresa concesionaria. Con estes datos, so a conivencia político empresarial pode xustificar que Audasa conte coa bonificación do 95% do IBI que ten que pagar aos concellos que percorre.

Recentemente foi aprobada, a proposta de En Marea, unha PNL no Parlamento de Galicia na que se insta á Xunta de Galicia a apoiar aos Concellos polos que transcorre

a AP9 nas actuacións que estas poidan levar a cabo para reclamar o cobro íntegro deste imposto. Polo exposto anteriormente e por ser de xustiza para os galegos e galegas, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede a seguinte:

PROPOSICIÓN:

1.- Instar ao Goberno do Estado a realizar as accións oportunas que permitan aos concellos por onde transcorre a AP-9 reclamar o pago íntegro do IBI por parte de Audasa.

2.- Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios no Congreso e no Parlamento Galego.

En *Pontevedra*, a 2 de febreiro do 2018

Asdo:

Luis Rei Núñez